

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 24 DE XUÑO DO 2021.****Sesión 08/2021-P**

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 24 de xuño do 2021, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario do Concello de Sada que nun camiño cara á normalidade, a resultas da loita contra a pandemia (SARS-CoV-2), volve ter lugar no Salón dos Plenos malia que aínda sen público.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 07/2021).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 07/2021, do 27.05.2021.

O sr. García Cotelo fai dúas puntualizacións con respecto da acta obxecto da aprobación. Unha, en relación co punto 8º.B.3, referente á moción do grupo municipal da alternativa dos veciños sobre unhas instalacións en Bergondo, da que na parte da súa votación dise que a presentou o partido popular, que se vota a moción do



partido popular, cando evidentemente trátase dunha moción da alternativa dos veciños. Debendo quedar redactado como segue:

“A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda de AV, obténdose o seguinte resultado”:

A outra, en relación co punto 4º, sobre a incorporación de tres camiños ao inventario público, onde se dera unha variación con respecto da proposta inicial da Alcaldía ao se retirar unha parte dun vial, porque considera que debera revisarse no senso de que as superficies da proposta inicial e do texto do acordo non obstante son idénticas. O presidente sobre isto último di que se trata do camiño de Taibó, do que en efecto só se aprobou a parte do núcleo rural e non a do rústico, polo que hai que variar a superficie que figura no acordo na acta; así, onde di 575 m², debe dicir 325 m². Debendo quedar redactado o acordo como segue:

“**Primeiro.-** Incorporar os camiños que a continuación se relacionan no Inventario de bens:

Expediente	resolución	Ubicación	referencia catastral	superficie
2019/X998/000286	682/2021, do 25/03/2021	Lugar de Taibó Carnoedo	15076A003090030000EW	325 m ²
2020/X999/000118	683/2021, do 25/03/2021	Lugar de Seixeda, Sada	15076A019090070000EE	5.024 m ²
2020/X999/000360	685/2021, do 25/03/2021	Lugar Souto da Igrexa, Meirás	15076A028090030000EA	3.241 m ²

Segundo.- Facultar ao señor Alcalde para cantos actos sexan precisos para dar cumprimento ao presente acordo”.

Non habendo máis intervencións, vótase a acta coas correccións indicadas, quedando aprobada por unanimidade a acta da sesión núm. 07/2021, do 27.05.2021, modificada coas ditas correccións, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN TÉCNICA E FINANCEIRA ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE SADA PARA A AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR) DE SADA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 06/2021, do 17 de xuño, que recolle:

<<Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada.

1º.- Aprobado inicialmente o anteproxecto da obra de Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada, Sada (A Coruña), clave OH.315.1189, unha vez rematado o trámite de información pública.

2º.- O Concello de Sada comprométese a:

- Facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local que resultara esixible con motivo das obras.
- Asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.
- Ao establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.
- Á posta á disposición dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames para a normal execución das obras.

3º.- Ratificar a solicitude efectuada pola alcaldía de solicitude de financiamento do cen por cen do custo das obras>>.

Debátese o asunto coas intervencións do sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de obras e servizos; da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); e do presidente.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).



- Votos en contra: Non se produciron.

- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar inicialmente o anteproxecto da obra de Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada, Sada (A Coruña), clave OH.315.1189, unha vez rematado o trámite de información pública.

2.- O Concello de Sada comprométese a:

- Facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local que resultara esixible con motivo das obras.

- Asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.

- Ao establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.

- Á posta á disposición dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames para a normal execución das obras.

3.- Ratificar a solicitude efectuada pola alcaldía de solicitude de financiamento do cen por cen do custo das obras.

3º.- PAI 2016.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO FURGONETA PICK-UP.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 06/2021, do 17 de xuño, que recolle:

<<PAI 2016.- Aprobación modificación pregos de prescricións técnicas para a subministración de un vehículo furgoneta pick-up.

1º.- Aprobar a modificación dos pregos de prescricións técnicas para a subministración do seguinte vehículo incluído no PAI 2016:

- 1 furgoneta Pick-Up para o Servizo de Emerxencias Municipais, cun orzamento total de 30.000 € (prezo s/IVE: 24.793,39 €, IVE: 5.206,61 €).

2º.- Dar conta deste acordo á Excm. Deputación Provincial>>.

Debátase o asunto coas intervencións da sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de seguridade cidadá; da sra. Pardo Fafián (PSOE); e do sr. Tellado Villares (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).

- Votos en contra: Non se produciron.

- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a modificación dos pregos de prescricións técnicas para a subministración do seguinte vehículo incluído no PAI 2016:

- 1 furgoneta Pick-Up para o Servizo de Emerxencias Municipais, cun orzamento total de 30.000 € (prezo s/IVE: 24.793,39 €, IVE: 5.206,61 €).

2º.- Dar conta deste acordo á Excm. Deputación Provincial.

4º.- APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 19/21. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/21.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 06/2021, do 17 de xuño, que recolle:



<<Exte. Modificación de crédito 19/2021. Crédito Extraordinario 02/2021

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 19/2021, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 75.872,61 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
341.22722	Promoción do Deporte. Concesión de piscina e pavillón	75,872.61
TOTAL		75,872.61

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	75,872.61
TOTAL		75,872.61

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor >>.

Debátase o asunto coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), concelleira delegada de deportes; da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. García Freire (PP); do presidente; novamente da sra. Nogareda; novamente da sra. Pardo; e novamente da sra. García.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 2 (2 PSOE).
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 19/2021, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 75.872,61 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
341.22722	Promoción do Deporte. Concesión de piscina e pavillón	75,872.61
TOTAL		75,872.61

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	75,872.61
TOTAL		75,872.61

2.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o



expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

5º.- SOLICITUDE DE HEBE SPORT: PISCINA MUNICIPAL DE SADA, DESEQUILIBRIO ECONÓMICO MOTIVADO POLA PANDEMIA COVID-19.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 06/2021, do 17 de xuño, que recolle:

<<Solicitud de restablecemento do equilibrio económico financeiro do contrato de xestión do complexo deportivo e piscina municipal.
Único.- Estimar a solicitude da entidade HEBE SPORT S.L., co CIF B 15890809, adjudicataria da xestión mediante concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais, de compensación económica prevista no 34.4 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo polo importe de 31.559,87 €, previa dotación do crédito adecuado e suficiente na correspondente partida presupostaria, condicionado a entrada en vigor da modificación de crédito nº 19/2021>>.

Debátase o asunto coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), concelleira delegada de deportes; da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. García Freire (PP); e novamente da sra. Nogareda.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Único.- Estimar a solicitude da entidade HEBE SPORT S.L., co CIF B 15890809, adjudicataria da xestión mediante concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais, de compensación económica prevista no 34.4 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo polo importe de 31.559,87 €, previa dotación do crédito adecuado e suficiente na correspondente partida presupostaria, condicionado a entrada en vigor da modificación de crédito nº 19/2021.

6.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 24 de maio (núm. 1167) ata o 18 de xuño do 2021 (núm. 1383).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 24 de maio (núm. 1167, do expediente 2021/G003/001229) ata o 18 de xuño do 2021 (núm. 1383, do expediente 2021/G003/001421), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B.- Mocións.

1ª.- Moción do grupo municipal do PP para completar a aprobación total do PXOM e obter a casa con escudo de Sada de Arriba como equipamento.

O sr. García Cotelos (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do partido popular.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000008

A continuación, o sr. García Cotelo dá lectura á moción:

<<MOCIÓN PARA COMPLETAR LA APROBACIÓN TOTAL DEL PXOM, Y OBTENER LA CASA CON ESCUDO DE SADA DE ARRIBA COMO EQUIPAMIENTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La casa con Escudo situada en Sada de Arriba, elemento que figura catalogado con el código 5-13 en el vigente PXOM, ha acelerado su deterioro en los últimos años, presentando un estado “abandonado y ruinoso”. Se trata de una tipología de “Casa Grande” con una antigüedad mayor a cien años. La casa tiene una protección “Ambiental” y el escudo una protección “Integral” siendo Bien de Interés Cultural BIC. La actual calificación en el PXOM de SU-8. FINCA SINGULAR PROTEGIDA, no ha contribuido a frenar su deterioro, ni a procurar su rehabilitación.

Por otro lado, contiguo a la casa se encuentra el ámbito de la antigua UEI-8 que no fue objeto de aprobación con el resto del PXOM, según la Orden de 11 de octubre de 2017 de Aprobación definitiva parcial del Plan General de Ordenación Municipal.

En el área de planeamiento transitorio APT-UEI-8, en la que se realizan modificaciones que afectan al proyecto de equidistribución, el PXOM podrá incorporar el planeamiento anterior, reconociéndolo estrictamente; o, en otro caso, y de conformidad con la disposición transitoria primera, apartado c, de la LOUG, deberá ajustarse íntegramente a lo establecido por la LOUG y por la legislación sectorial, para el suelo urbano consolidado.

Lo que viene a significar que si no se quiere tener que indemnizar a los titulares de derechos edificatorios, que tendría que estar prevista en el PXOM, deberán respetarse estrictamente, bien incorporando la ordenación original, o bien redactando una nueva ordenación de acuerdo a la LOUG.

El documento del PXOM aprobado inicialmente en 2012, y expuesto al público, contenía una Ordenación Detallada del ámbito de la UEI-8 y de la parcela de la Casa con Escudo, ajustado a la LOUG y que respetaba los derechos del proyecto de equidistribución, si bien con una nueva ordenación.

Dicha nueva ordenación modificaba el equipamiento de cesión obligatoria, ampliando su superficie e incluyendo la Casa con Escudo, modificaba la urbanización del vial interior para adaptarlo a las circunstancias posteriores al deslizamiento de tierras, y reordenaba los volúmenes edificables interiores rebajando su altura.

Entendemos que aquella ordenación detallada de 2012 se adaptaba a lo exigido en 2017 por la Consellería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, y constituye una oportunidad para completar la aprobación del PXOM, obteniendo como equipamiento municipal la Casa con Escudo, y rematando la ordenación de este ámbito urbano en el que ya residen unos 400 vecinos sin disponer de licencia de primera ocupación, con los perjuicios que ello les ocasiona.

Sin embargo estamos en 2021, y aquella ordenación de 2012 puede ser mejorada de acuerdo a las necesidades actuales, incluyendo un aparcamiento público en la zona inferior del ámbito, con acceso por la plaza de La Barrosa.

Por otro lado, como consecuencia de la caducidad de la licencia de la edificación interior paralizada hace muchos años, puede proyectarse un único bloque interior sin espacios intermedios, de tal modo que se libere espacio frente al segundo equipamiento público previsto en la nueva ordenación, y en ese espacio instalar un ascensor que comunique la zona de aparcamiento citada con la terraza de este segundo equipamiento con frente a la Avenida Párroco Villanueva, a la altura del actual Centro de Salud (edificio municipal).

Además este ámbito remitido a un Plan Especial, cuya Ordenación Detallada se debe incluir, por motivos de interés público y por los plazos de inactividad de la Junta de Compensación, debe gestionarse por el sistema de cooperación.

Por todo ello se propone al pleno el siguiente ACUERDO:

Primero.- Traer a Pleno para su aprobación la ordenación del ámbito de la antigua UEI-8, incluyendo la parcela de la casa con escudo como equipamiento, que figuraba en la aprobación inicial del PXOM, con los cambios citados de: previsión de aparcamiento público con acceso desde la plaza de La Barrosa, y la reordenación del bloque interior que permita la instalación de un ascensor que comunique plaza de La Barrosa con la calle Párroco Villanueva.

Segundo.- Una vez aprobada, en su caso, dicha ordenación por este Pleno, que se remita a la Consellería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio para la aprobación definitiva y completa del PXOM de Sada.

Tercero.- Finalmente aprobado por la Consellería, obtener la casa con escudo para su rehabilitación como equipamiento público, y rematar la urbanización de la UEI-8 por cooperación>>.

Debátese a moción, coas intervencións da sra. Nogueira Marzoa (AV); da sra. Reimúndez Suárez (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do presidente; e do sr. García Cotelo (PP). A resultados do debate, proponse e acéptase emendar o contido do acordo proposto para a súa votación polo seguinte:

<<Iniciar o expediente da ordenación do ámbito da antiga UEI-8, incluíndo a parcela da casa con escudo como equipamento, que figuraba na aprobación inicial do PXOM, cos cambios citados de: previsión de aparcadoiro público con acceso dende a praza da Barrosa, e a reordenación do bloque interior que permita a instalación dun ascensor que comunique a praza da Barrosa coa avenida do párroco Villanueva>>.

Seguidamente, procédese á votación da anterior emenda, obténdose o seguinte resultado:



- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Iniciar o expediente da ordenación do ámbito da antiga UEI-8, incluíndo a parcela da casa con escudo como equipamento, que figuraba na aprobación inicial do PXOM, cos cambios citados de: previsión de aparcadoiro público con acceso dende a praza da Barrosa, e a reordenación do bloque interior que permita a instalación dun ascensor que comunique a praza da Barrosa coa avenida do párroco Villanueva.

2ª.- Moción do grupo municipal do PP para instar ao goberno de España a baixar o prezo da luz actuando sobre determinados impostos e custos reguladores.

O sr. Tellado Villares (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polos grupo municipal do partido popular.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, o sr. Tellado dá lectura á moción:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE SADA PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A BAJAR EL PRECIO DE LA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPUESTOS Y COSTES REGULATORIOS

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Sada, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales de Sada desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España es el cuarto país de la Unión Europea en el que sus residentes pagan más por electricidad, al contar con una factura promedio anual de 1.273 €, representando el 8,5% del salario anual (15.015 €).

A este dato hay que añadir otros dos especialmente relevantes. Primero, según datos de Eurostat, al cierre de 2019 el precio del kilovatio hora en España era el quinto más

alto de la Unión Europea y, segundo, entre mayo de 2020 y mayo de 2021 la factura de la luz se ha incrementado en un 44%.

Ante estos datos, hay que recordar que en España menos de un 40% de la factura de la luz depende del precio de la electricidad y del mercado.

El resto, se debe a los costes regulatorios derivados de la gestión política (por ejemplo, subvenciones a las renovables o al carbón o el déficit de tarifa, entre otras) y a los impuestos (ej.: el Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica, entre otros).

Si hablamos de costes derivados de la gestión política se debe destacar que el expresidente José Luis Rodríguez Zapatero reconocía en 2019 que sus dos legislaturas habían generado una burbuja de 29.281 millones € por el boom de las renovables.

Y si hablamos de impuestos nuestro país se sitúa entre los 10 primeros países de la Unión que mayor IVA (21%) aplica a este producto.

Por tanto, uno de las vías más inmediatas para reducir la factura de la luz es la rebaja de los impuestos que gravan la electricidad pero el gobierno de España ha optado por implantar una tarifa con tres tramos horarios restringiendo la libertad de elección de los consumidores y obligándoles a cambiar sus hábitos de vida, que no todos los españoles podrán hacerlo, si quieren tener alguna posibilidad de ahorrar en su factura de la luz.

Porque aunque el gobierno afirme que estas nuevas tarifas permitirán que se produzca una bajada general de la factura de la luz, la realidad es muy diferente ya que con esta medida 11 millones de españoles verán incrementada su factura.

Por otro lado, el Gobierno de España para justificar su negativa a actuar y rebajar el precio de la luz a millones de hogares españoles vía rebaja de impuestos afirma que, gracias a su acción política, el recibo de la luz bajó en un 40% el año pasado cuando esa rebaja se debió a la caída de la demanda por la pandemia y a la bajada de los precios del gas y del petróleo en 2020.

Y se vuelve a escudar en Europa para rechazar bajar el IVA aplicado a la electricidad cuando la realidad es que varios países europeos tienen tipos más bajos que España en la tarifas que afectan a los consumidores y que no existe una normativa europea que impida bajarlo.

Por lo expuesto, y ante las recomendaciones y medidas aprobadas en el seno de la FEMP, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Sada, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO



Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

1- rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el Artíc. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética.

2- modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica (deuda del sistema eléctrico y costes extrapeninsulares) como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado.

3- Simplificar el recibo de la luz para facilitar su comprensión.

4- Poner en marcha de inmediato una campaña de información dirigida a los consumidores que explique de forma sencilla y comprensible la nueva tarifa de la luz>>.

Debátase a moción, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Reimúndez Suárez (BNG); do sr. Blanco Montero (PSOE); do sr. Fariña Andrade (SM); do sr. Tellado Villares (PP); do presidente; e novamente do sr. Tellado.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (5 PP).
- Votos en contra: 2 (2 BNG).
- Abstencións: 10 (6 SM, 2 PSOE, 2 AV).

Resultando aprobado por maioría simple o seguinte **ACORDO**:

Instar ao goberno de España a tomar as seguintes medidas para impedir que o aumento espectacular do prezo da enerxía eléctrica lastre a economía persoal e familiar dos españois xa especialmente danada polos efectos da pandemia:

1.- Rebaixar o tipo de gravame do *Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica* do 7% ao 0%, modificando para iso o art. 8 da Lei 15/2012 de medidas fiscais para a sostibilidade enerxética.

2.- Modificar a Lei 24/2013 do Sector Eléctrico para, entre outros aspectos, que determinados custes reguladores que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custes extra-peninsulares) como a débeda do sistema eléctrico sexan financiados íntegramente con cargo aos *Presupuestos Generales del Estado*.

3.- Simplificar o recibo da luz para facilitar a súa comprensión.

4.- Poñer en marcha de inmediato unha campaña de información dirixida aos consumidores que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa da luz.

3ª.- Moción dos grupos de Goberno (SM, BNG e AV) para a procura de solucións ao problema das retencións no tramo da AC-12 ao seu paso pola localidade de Perillo (Oleiros).

O sr. Fariña Andrade xustifica a urxencia da moción, presentada polos grupos do goberno: sadamaioría (SM), bloque nacionalista galego (BNG) e alternativa dos veciños (AV).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, o sr. Fariña Andrade dá lectura á moción:

<<MOCIÓN

Relativa á procura de solucións ao problema das importantes retencións que se están a producir polas obras que se están a desenvolver no tramo da AC-12 ao seu paso pola localidade de Perillo-Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai xa algunhas datas todas observamos con preocupación como o problema dos atascos que se están a producir a diario, especialmente nas horas punta, nos accesos á cidade da Coruña por mor das obras de soterramento da circulación na AC-12 ao seu paso por Perillo está a acadar o nivel de grave para a inmensa maioría dos usuarios desa infraestrutura viaria. E, neste senso, o goberno



municipal Sada quere facer fincapé no feito de que non é de recibo que a cidadanía que diariamente se ten que desprazar á cidade herculina por calquera tipo de razón (laboral, académica, médica, etc), teña que sufrir as consecuencias dunha planificación de obra mal deseñada e peor executada. No pode ser que, día tras día, os accesos viarios á cidade da Coruña se convertan nunha trampa na que, inexorablemente, caen todos os habitantes da area metropolitana que aló se desprazan.

O que acontece de xeito cotiá pon de manifesto que é preciso aclarar e analizar se se están adoptando todas as medidas que poidan minimizar o negativo impacto, colas terribles e tempos inasumibles, que ditas obras están a producir na rutina diaria dos veciños da comarca das Mariñas. E, neste senso, cabe preguntarse: a que se está agardando para liberar as peaxes nos tramos do entorno da cidade de A Coruña para así axudar á desconxestión dos treitos colapsados?, están activos os medios humanos e materiais precisos para a realización dos traballos en diferentes quendas para, deste xeito, axilizar e reducir o prazo de entrega dos mesmos?, están a funcionar todos os recursos humanos para o control e a regulación do tráfico?, están coordinadas as diferentes administracións (local, autonómica e estatal) á hora de facer fronte a unha obra dunha envergadura cuxas consecuencias afectan a varios concellos e a un moi elevado número de persoas?, contéplouse algún tipo de reforzo do transporte público que axude a minorar o número de vehículos privados que acceden á cidade?, etc.

Asemade, é preciso por de manifesto a inexplicable e vergonzosa demora que está a sufrir, dende o pasado mes de febreiro en que foi admitida polo pleno do Congreso dos Deputados, a tramitación da Proposición de Lei de Transferencia da AP-9 a Galicia. Semana tras semana aprázanse os períodos de alegacións prolongado unha tramitación que foi aprobada de maneira unánime no Parlamento de Galicia e admitida a tramite por unha inmensa maioría no Congreso. Falamos da transferencia dunha infraestrutura que, sen dúbida algunha, podería actuar como eixo vertebrador da rede viaria comarcal e metropolitana.

Por todo elo propoñemos ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar ao “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” para que, de xeito inmediato, proceda á liberación das peaxes existentes no entorno da cidade da Coruña como medida favorecedora da redución do tráfico nos tramos conflictivos da AC-12.

2º.- Instar á Mesa do Congreso para que, de maneira inmediata, adopte as medidas precisas e necesarias para rematar e aprobar, o máis axiña posible, a transferencia da AP-9 a Galicia.

3º.- Instar ao “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” para que, de xeito inmediato e transparente, poña a disposición todos os medios humanos e materias que sexan necesarios para a redución dos prazos establecidos para a execución dos traballos.

4º.- Instar ao “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” para que, de maneira inmediata, convoque aos representantes das distintas administracións coa finalidade de analizar a problemática xurdida e, deste xeito e de maneira conxunta, buscar posibles solucións a un asunto que xa está condicionando a vida de moitos cidadáns da area metropolitana coruñesa.

5º.- Instar ao “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” para que, de xeito inmediato e mentres duren as obras, estableza na área metropolitana coruñesa un reforzo do transporte público como medio opcional e alternativo tendente a reducir a utilización do vehículo privado rebaixando así a densidade circulatoria na zona>>.

Debátase a moción, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Reimúndez Suárez (BNG); do sr. Blanco Montero (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do presidente.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).

- Votos en contra: Non se produciron.

- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Instar ao *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana* para que, de xeito inmediato, proceda á liberación das peaxes existentes no entorno da cidade da Coruña como medida favorecedora da redución do tráfico nos tramos conflictivos da AC-12.

2.- Instar á Mesa do Congreso para que, de maneira inmediata, adopte as medidas precisas e necesarias para rematar e aprobar, o máis axiña posible, a transferencia da AP-9 a Galicia.

3.- Instar ao *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana* para que, de xeito inmediato e transparente, poña a disposición todos os medios humanos e materias que sexan necesarios para a redución dos prazos establecidos para a execución dos traballos.

4.- Instar ao *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana* para que, de maneira inmediata, convoque aos representantes das distintas administracións coa finalidade de analizar a problemática xurdida e, deste xeito e de maneira conxunta, buscar posibles solucións a un asunto que xa está condicionando a vida de moitos cidadáns da area metropolitana coruñesa.



5.- Instar ao *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana* para que, de xeito inmediato e mentres duren as obras, estableza na área metropolitana coruñesa un reforzo do transporte público como medio opcional e alternativo tendente a reducir a utilización do vehículo privado rebaixando así a densidade circulatoria na zona.

C.- Rogos e preguntas.

O sr. Blanco Montero (PSOE) fai un rogo con respecto da limpeza dos camiños e das estradas e en particular da estrada que vai de Mondego a Castelo pasando por Mosteirón, un pouco máis adiante do colexio.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se acate a sentenza número 00116/2021 recaída no procedemento abreviado 186/2020, aboándose os saldos pendentes por horas extra a favor dos membros da Policía Local o antes posible, e que non se recorra para evitar a dilación dunha situación inxusta e os custes xudiciais, o que presentaran como moción pero que por consello da secretaria decidiron retirala como tal e presentala como un rogo.

2º) Roga que se ordene que se dea cumprimento en tempo e forma de maneira que no prazo máximo de cinco días se dea acceso aos expedientes solicitados polo seu grupo municipal no seu labor de control e fiscalización, que entende que se está mesmo a impedir.

3º) Roga que en adiante se dea acceso aos concelleiros da Corporación en tempo e forma segundo o establecido no ROM e no resto do ordenamento xurídico á documentación que soliciten e non a outra.

4º) Roga que se lle dea traslado á secretaria do Pleno da solicitude do que dixo na sesión anterior con respecto da tramitación en Urbanismo das licenzas dos locais de hostalería, nomeadamente coas diferencias de impulso con relación ás comunicacións previas de cambio de actividade e a instalación de terrazas, para que na súa función de garante da legalidade no concello acuda de ser o caso a outras instancias.

5º) Roga que se realice unha auditoría por quen corresponda sobre o funcionamento do servizo da Policía Local, logo dunha exposición para os efectos na que afirma que un axente non quixo recoller unha denuncia dunha veciña e que lle pareceu ver a un auxiliar da Policía Local uniformado como policía e prestando servizos propios dun policía ao estar realizando unha proba de alcoholemia.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) formula as seguintes preguntas:

1ª) Volve preguntar por unha pregunta que efectuou no pleno anterior e que di que está sen contestar; en concreto a pregunta que figura na acta anterior como 2ª: “2ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde que, logo do 18 de maio ditar a declaración de ineficacia en varios expedientes, que impide o desenvolvemento da actividade e instar unha nova solicitude nun período entre 3 meses e un ano; está a tomar medidas para o cumprimento das resolucións respectivas”. Remata pedindo que se lle conteste no próximo pleno.

Tamén Pregunta pola regularización das concesións, outra pregunta do pleno pasado que di que non se contestou: “4ª) Pregunta se están todas as concesións administrativas actualizadas e regularizadas”.

2ª) Pregunta sobre o alcance positivo ou negativo do silencio na comunicación previa de cambio de actividade, da comprobación do declarado, da declaración da ineficacia e de se foron expedientados os locais que non cumprían co declarado.

3ª) Pregunta se se fixo algo con respecto do acordo plenario do 25 de abril do 2019 relativo a unha moción do seu grupo que foi emendada: “5.1º.- Moción do grupo PSOE sobre cesión de terreos á Asociación de Veciños de Mosteirón”.

4ª) Pregunta sobre o deber da Administración local ao ter coñecemento de que se está a cometer unha infracción urbanística e se se actúa de igual maneira en todos os casos ou depende do que decida o responsable de urbanismo.



5ª) Pregunta á sra. Nogareda sobre o seu apoio a unhas políticas que considera de actuación discrecional, con relación .

6ª) Pregunta á sra. Reimúndez, no contexto do que di que está a ocorrer en urbanismo con respecto da apertura de algúns locais de hostalaría, se han seguir apoiando cos seus votos unhas políticas que cualifica de *amiguismo*, servilismo e de “ti vai facendo”, de que hai que levarse ben co alcalde para facer o que se queira.

A sra. Salorio Porral (PP) formula as seguintes preguntas:

1ª) Ao non se ter convocado a xunta de voceiros anunciada pola sra. Nogareda no pleno ordinario do mes de marzo, pregunta se foi porque non acadou os apoios suficientes para facelo e cal é a postura do alcalde a este respecto; indicando tamén que os grupos da oposición poden apoiala segundo o ROM para os efectos.

2ª) Pregunta sobre a autoría da organización dun acto, plataforma ou concentración que tivo lugar diante da entrada do Pazo de Meirás a fin de semana pasada e sobre un relacionado servizo de limpeza por parte dos operarios de obras e servizos.

3ª) Pregunta á sra. Reimúndez, con base nas queixas que di que reciben dos usuarios do servizo, polo número de traballadoras sociais que hai en activo no departamento, así como para cando vai ser que se reforce o servizo para poñelo ao día do atraso que di que padece ou se chegaron a algún acordo coa empresa concesionaria para que cumpra con este servizo imprescindible de xeito adecuado e satisfactorio.

O sr. Tellado Villares (PP) pregunta con relación á suba da luz se non lle incumbe ao concello e aos veciños de Sada a dita suba se por desgraza o concello ten que facerse cargo do pagamento de moitas facturas dos veciños.

A sra. García Freire (PP) pregunta pola saca dunhas seis árbores nos xardíns de entrada ao porto diante de *La Cueva del Pirata*, se hai informes que recomendaran ou xustificaran a saca desas árbores.

Por último, a sra. García Freire roga aos membros dos grupos do goberno que sexan imparciais e obxectivos nas súas intervencións en referencia ao que se trae ao pleno, poñendo como exemplo as mocións desta sesión da circulación.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 15 minutos do día xoves 24 de xuño do 2021, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.